



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O 12 DE XANEIRO DE 2017.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **12 de xaneiro de 2017 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 29 de decembro de 2016.
- 2.- Solicitud de licenza municipal de obras de construción de alpendre no lugar de Extramundi de Abaixo, formulada por dona Josefa Rodríguez Corral. Expediente 202/2016/LU.
- 3.- Comunicación previa de obras de arranxo de cuberta de edificación existente adicada a garaxe sita no lugar de Porta dos Mariños nº 47, formulada por don José Blanco Alonso. Expediente 129/2016/CP.
- 4.- Comunicación previa de obras de reparación de tellado e colocación de porta de entrada en local social sito no lugar de Campo da Rabadenla, San Pedro de Carcacía, formulada por dona Carmen Cordal García en representación da Asociación de Veciños “A Sociedade”. Expediente 130/2016/CP.
- 5.- Comunicación previa de obras de extensión de rede de baixa tensión, paso aéreo-soterrado e rede de baixa tensión soterrada para abastecemento de subministro eléctrico a vivenda sita no lugar de Pedroso Sur, formulada por Unión Fenosa Distribución S.A. Expediente 141/2016/CP.
- 6.- Comunicación previa de obras de repicado de fachada de vivenda sita no lugar de Herbón 149, formulada por dona María del Carmen Lago Rivera. Expediente 199/2016/CP.
- 7.- Comunicación previa de obras de acondicionamento de rampa de acceso a vivenda sita no lugar de Souto, Pazos nº 13, formulada por dona Delfina Castelo Vázquez. Expediente 207/2016/CP.
- 8.- Comunicación de cambio de titularidade de licenza de actividade de industria de elementos prefabricados de formicón, e outros derivados do cemento sita no lugar de Picaraña, Cruces s/n, Riva da Braña, formulada por Metal Works and Structures S.L. Expediente 63/2016/CTA.
- 9.- Solicitud de concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica a favor de dona María Luz Buceta Vaamonde.
- 10.- Indemnización por gastos de locomoción do persoal de axuda no fogar nos meses de setembro a novembro de 2016.
- 11.- Gastos de locomoción das persoas voluntarias da oficina municipal de voluntariado.
- 12.- Gratificación extraordinaria a persoal funcionario do corpo da policía local de Padrón don Pedro Pérez Bailez.
- 13.- Gratificación extraordinaria a persoal funcionario do corpo da Policía Local de Padrón don Jorge Jamardo Miguéns.

14.- Gratificación extraordinaria a persoal funcionario do corpo da policía local de Padrón dona Mónica Rey Rodríguez.

15.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a auxiliar administrativa dona Silvia Carou Balado para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar.

16.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, para adquisición de 3 talonarios de bonos para utilización de transporte público.

17.- Aprobación do curso de manipulación de alimentos.

18.- Aprobación do servizo complementario de apoio integral ao menor, da oficina municipal de voluntariado, para o ano 2017.

19.- Aprobación obradoiros de empoderamento e benestar para mulleres: “Tempo para nós”.

20.- Aprobación do Club de lectura infantil en valores “Palabras perdidas”.

21.- Aprobación das bases da XV Carreira Popular do Concello de Padrón, aprobación do seu regulamento e do orzamento para a súa celebración.

22.- Alta de liquidación en concepto de taxa de recollida de lixo a nome de Rey García María Isabel, do inmovible sito no lugar de Rúa Longa 7, Padrón.

23.- Alta de liquidación en concepto de taxa de recollida de lixo a nome de Bouzas Ventín Antonio, do inmovible sito en Avda. Pontecesures, Padrón.

24.- Corrección de erros no título do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local ordinaria de 29 de decembro de 2016 no punto nº 21 da convocatoria “aprobación da terceira certificación-parcial da obra saneamento en Muiños-Tarrio (Escravidude) e outro” (POS 2013).

25.- Rogos e preguntas.

Segundo. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)